



**ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE SETEMBRO DO 2021**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. D. José Manuel Cendán Fernández D. Emilio Mesías Farías. Dna. Maria Carmen Brage Otero</p> <p><b>Ausencia Xustificada:</b> Dna. Noelia Montero Candal Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e corante e nove minutos do día vinte e sete de setembro do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- Aprobación se procede das actas das sesións celebradas polo Concello Pleno os días 28/06/2021 e 30/08/2021.**

Sometida a votación a aprobación das actas correspondentes as “**sesións de data 28/06/2021 e 30/08/2021**”, o Pleno do Concello por unanimidade 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG) acorda prestar a súa aprobación

**Punto núm. 2.- Dar conta do escrito do Grupo Municipal do B.N.G. sobre novo reparto de representantes do GM nas CC.II. e designación do novo portavoz.**

Dáse conta do escrito **do Grupo Municipal do B.N.G. sobre “novo reparto de representantes do GM nas CC.II” de data 30 de agosto que a continuación se transcribe:**

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda,

**Expón que:**

Na sesión plenaria de luns 30 de Agosto tomou posesión da acta de concelleira, **María Carmen Brage Otero** en substitución de Cristina Cadena Freire, cuestión que obriga a nomear os representantes que asistirán ás respectivas xuntas e comisións en representación do GM do BNG.





<b>COMISIÓNS</b>	<b>TITULAR</b>	<b>SUPLENTE</b>
<b>Servizos, Facenda e Contas.</b>	María Carmen Brage Otero	Emilio Mesías Farías
<b>Benestar e Igualdade.</b>	María Carmen Brage Otero	Emilio Mesías Farías
<b>Urbanismo, Equipamentos e Infraestruturas.</b>	María Carmen Brage Otero	Emilio Mesías Farías
<b>Cultura e Emprego.</b>	María Carmen Brage Otero	Emilio Mesías Farías
<b>Obras, Servizos Municipais e Seguridade.</b>	Emilio Mesías Farías	María Carmen Brage Otero
<b>Turismo, Patrimonio, Emprendemento, Mobilidade e medio Ambiente.</b>	Emilio Mesías Farías	María Carmen Brage Otero
<b>Comisión de Deportes, Educación, TICs e Mocidade.</b>	Emilio Mesías Farías	María Carmen Brage Otero
<b>Persoal e Plans.</b>	Emilio Mesías Farías	María Carmen Brage Otero

**Portavoz do Grupo Municipal do BNG :** María Carmen Brage Otero  
Otero Suplente: Emilio Mesías Farías

**Por todo isto Solicitamos:**

- 1.- Se lle dé traslado da presente notificación aos secretarios das comisións e xuntas correspondentes.**

En Ares, a 30 de Agosto de 2021.

Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares)

O Concello pleno dáse por enterado

**Punto núm. 3.- Aprobación da 2ª Fase do POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial.**

**ANEXO I**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA**

**2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL**





D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ  
secretario do Concello de ARES

**CERTIFICA** : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día 27/09/2021 adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>2ª Fase POS+ Adicional 2/2021</b>			
Proyecto básico de nave de almacén de embarcaciones	86474,67	70920,93	157395,60
<b>TOTAL</b>	<b>86474,67</b>	<b>70920,93</b>	<b>157395,60</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	145.309,13
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	58.834,46
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	86.474,67

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e





no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en Ares , a 27 de setembro de dous mil vinte e un.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o que se presenta aquí hoxe é o proxecto da nave-almacen do club de remo.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que antes de empezar quere deixar constancia de que o BNG sempre foi partidario de que as instalacións portuarias albergue sempre calquera tipo de actividade náutica polo tanto non hai nada que obxectar sobre ese punto, pero tamén está claro que sabemos do apego especial que toda a xente de Ares lle ten as instalacións que usa agora mesmo ou club de remo polo esforzo que supuxo non seu día tanto económico como humano, sabemos que se fixo cunha ilusión tremendo e que se fixo como moitos atrancos que foron para adiante pero tamén é certo, que hoxe en día non chegan a nada esas instalacións, non son suficientes e non cubren todas as necesidades na práctica que hai hoxe en día non remo, e a verdade e que non é que non cubra as necesidades hoxe en día senón que xa hai tempo que non as cubre, esta necesidade de nova infraestrutura non apareceu de onte para hoxe.

Nós consideramos que é evidente esa necesidade e que hai que axudar e dotar dunha nova infraestrutura e sobre todo agora que o club está entre a elite do remo.

Partindo destes puntos o BNG pensa que sería lóxico favorecer un debate colectivo entre outros grupos da corporación e o club de remo buscando un proxecto que funcione a medio e longo prazo, consideramos que é insuficiente e que non chega a cubrir as necesidades reais de aquí a pouco, pensamos que este proxecto debe quedar sobre da mesa e polo tanto, pedimos que quede sobre da mesa a espera de elaborar un proxecto moito máis ambicioso que non ten porque ser realizado nunha soa fase, nós propoñemos que quede sobre da mesa para buscar algo que se poda ir facendo a medida que vaia surxindo as necesidades co paso do tempo porque vemos que isto é facer instalacións para quedar mortas aí, non se contempla que podan ser aumentadas nin modificadas polo tanto, pedimos que quede sobre da mesa a esperas de estudar un proxecto moito máis completo, incluso o BNG presentou no seu momento un proxecto dunhas instalacións para o club de remo están na web, non é para que se fagan ao pé da letra pero evidentemente é o que consideramos que é necesario, este





proxecto debería ser un pouco máis ambicioso, isto non é suficiente non se pode presentar algo así de forma tan apresurada, xa non o digo polo local en si, senón que deberíamos ter empatía con toda a xente que se sacrificou para conseguir o club de remo.

Remata a Sra. Brage Otero a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que na comisión de urbanismo non se lles presentou o proxecto por iso fixeron una serie de preguntas, entre elas se as instalacións eran suficientes e a resposta foi que si pois ben, unha vez revisado o proxecto vemos que isto non é suficiente para solucionar o problema do club de remo, nos traballamos este fin de semana nun proxecto que foi presentado no rexistro e que vamos a facilitar agora a todos os grupos municipais. O proxecto presentado hoxe parecemos antiestético, parece una nave de gando, a concelleira de urbanismo na comisión dixo que podía ir en dous adicionais, máximo tres e con dos pode chegar.

Sendo ás 11:59h ausentase o Sr. Carballo Sarmiento.

Nós creemos que o proxecto que presentamos hoxe aquí é o que necesita o club de remo agora mesmo e non podemos perder a oportunidade dende o concello de facer unhas instalacións modernas e adaptadas ao nivel no que está o club de remo que é a alta competición, non é a panacea de nada pero é un proxecto no que se poden ver os servizos necesarios para os remeiros/as e vou a explicar porque non podemos perder esta oportunidade.

Sendo ás 12:00 incorporase o Sr. Carballo Sarmiento.

A situación actual é que temos un club en alta competición na actualidade somos un referente na comarca, agora estamos no pico pero non sempre imos a estar aí haberá temporadas mellores ou peores como en todos os deportes, os clubs de Narón e Mugar dos teñen un mellor futuro que o noso porque aquí en Ares sen a iniciativa e sen o esforzo da administración local estes clubs en seguida superaran ao noso polo tanto nós, non podemos perder esta oportunidades, temos que facer un club no que Ares sexa o referente na comarca, non o podemos dilatar nin un ano nin dous, Narón ascendeu e Mugar dos ten unha situación mellor ca nosa porque ten a REGANOSA e a FORESTAL DO ATLÁNTICO e no momento que este na elite vai a haber cartos e no caso de Narón agora mesmo hai unha crise no sector metalúrxico e no sector naval pero a partir de marzo ou abril hai expectativas de traballo vanse a facer as fragatas 110 e vai a haber cartos e medios porque os van a patrocinar polo tanto, nós dende aquí dende a corporación non podemos perder a oportunidade, somos os mellores e temos que facer un club que sexa o referente comarcal que haxa tres remeiros en San Felipe, en Mugar dos ou en Narón pois teñen que vir aquí para manternos na elite do remo durante anos, porque se perdemos esta oportunidade agora mesmo na traíñeira temos remeiros de Asturias, Boiro e o que temos que facer é que sexa ou club de referencia dá comarca e que calquera deportista que lle guste o remo a súa ilusión sexa vir a remar a Ares porque está na elite.





Ares non ten industria e a pouca axuda que teñen é da hostalería e por desgraza temos que ser nós dende ou concello os que poñamos os medios para que poida seguir na elite porque é o queremos todos, que Ares sexa o referente comarcal non remo, por iso presentamos este proxecto no que se ve que ten dúas plantas, na planta alta un almacén, oficinas, ximnasio mirando cara a o mar é un proxecto sinxelo, modernista que non pódese comparar co que se presenta aquí hoxe que é unha nave, non ten gusto ningún eu creo que é sinxelo pero que ten o fundamental que é o foso, non pódese facer a nave sen o foso é fundamental para cando chegue o mal tempo e os remeiros podan adestrar é fundamental, non pódese facer unhas instalacións sen foso, na nave esta ten que ter prevista o foso. Podíamos partir do que traedes hoxe aquí, facer estas instalacións é tirar os cartos, eu creo que podemos presentar un proxecto definitivo presentalo e facelo en dous fases ou en tres, pero que os 150000€ que se invertan que non haxa que rectificalos, se facemos este entre que se contrata e faise a obra van dous anos é dicir as instalacións vanse a facer continuas, para o ano que ven a estas alturas podemos ter unhas instalacións dignas, pero como dixen antes non podemos perder ser ou referente comarcal coma se temos que facer un sacrificio, eu estou de acordo coa voceira do BNG, hai que meditalo ben e non perder a oportunidade, nós traemos aquí hoxe unha idea do noso grupo que é o que necesita non pasámonos en nada, é o mínimo que se pode facer e entre todos facer un proxecto non imos a perder o adicional nin nada.

Eu tiven unha experiencia ca Praza da Igrexa non foi aprobado no pleno porque atrasouse que foi non POS 2005, non se puido empezar por patrimonio e pedín prorroga na deputación para non perder o plan.

Interrompe o Sr. Alcalde sinalando que o proxecto da obra da Praza da Igrexa se fixo sendo eu Alcalde e asinei eu o convenio co Director Xeral de Urbanismo Ramón Lueje, pero imos a deixar as cousas así.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que foi porque se atrasou.

Toma a palabras Sr. Alcalde sinalando que o convenio o asinei eu con Ramón Lueje.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que foi porque se atrasou pero era do POS 2005.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non se fixo cun POS, fíxose cun convenio ca Xunta de Galicia, de todas as formas a Praza da Igrexa non é obxecto de debate, pero si soltas mentiras tan grandes, e que estou cansado a Praza da Igrexa fíxose cun convenio ca Dirección Xeral de Urbanismo.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non é mentira, déixame falar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que vai a levantar ou pleno porque tes que respéctasme como Alcalde, eu simplemente fixen unha puntualización.

Intervén ou Sr. José Manuel Cendán Fernández pedindo que lle deixe contestar.





Responde o Sr. Alcalde manifestando que non é obxecto de debate.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo novamente que a Praza dá Igrexa é o POS 2005 prorrogado, e no primeiro pleno que ti presidiches non ano 2007 foi aprobación do proxecto dá Praza dá Igrexa para non perdelo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non foi non POS, foi cun convenio ca Xunta de Galicia pero dá igual, céntrate no punto do orde do día que é o club de remo. T

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o recorda perfectamente xa que nese pleno os seus concelleiros votaron en contra.

Intervén o Sr. Alcalde retirando ou uso dá palabra ao voceiro do PP.

Responde ou Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que esta na súa quenda de intervención.

Toma a palabra ou Sr. Alcalde pedindo que se centre non tema de hoxe que é o club de remo ou retírolle ou uso dá palabra.

Intervén ou Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que foi interrompido.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que o que fixo foi unha puntualización que non é obxecto de debate, pero segue co club de remo.

Continúa ou Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención sinalando que non podemos perder a oportunidade de levar isto adiante e hai que facelo en dous ou en tres adicionais, o club de remo necesita as instalacións agora mesmo estamos na elite e cos únicos medios que conta o club de remo é cos do concello polo tanto, temos que apoialos por iso pedimos que se estuden os proxectos presentados polo BNG, polo meu grupo e o que se trae aquí hoxe e facer un proxecto por fases e toda a inversión que se faga agora os 150000€ que sexan para sempre, e non facer esta nave que non vai a cubrir as necesidades, por iso pedimos que quede enriba dá mesa e que o podamos debater con urxencia e facer unhas instalacións dignas e poder ser así o referente comarcal non remo.

Remata ou Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención. .

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este proxecto xera un canon anual de 2500€/mes, é dicir 30000€/ano que se vai a pagar de canon anual, o proxecto que ti presentas é de 6000€/mes quen se van a pagar, lle metemos ao club de remo 40000€/ano ou o asume o concello, iso en canto a construción en amplitude de metros.

Isto é unha concesión portuaria e estamos falando dun canon co abono correspondente de radicarse a actividade, cando un constrúe en terreos portuarios e di que vai a ser para a práctica dun deporte hai unha bonificación, pois contando coa bonificación son 2500€/mes, eu imaxino que o pagara o concello, non lle imos a cargar ao club case 30000€/ano terá que





asumilo o concello que eu creo que o pode asumir, un proxecto de 700 metros como ou teu estará sobre 6000€/mes o que quero dicir é que hai que pensar non canon.

O club de remo ten un compromiso coa ACT que vale 30000€ que os pon o concello, ten que mercar traíñeiras 36000€ que os pon o concello, ten que mercar unha furgoneta, mercouna a deputación, imos a cargarlle con 60000€/ano coa bonificación ou imos a pagarllo nós. O que nos presentamos son 2463,25€/mes polo tanto hai que ter en conta o canon, eu estou a falar das taxas que hai que ter en conta, a parte das taxas o club de remo o que necesita é unha nave para o banco fixo non para banco móbil, ou sexa para a traíñeira polo tanto, hai teñen que entrar as traíñeiras, os bateis e ten que contar cun ximnasio, este é o proxecto que nos presentamos que non ten porque ser o definitivo pódense facer por fases, faise outro engadido, isto é unha nave e para o ano se non é suficiente faise outra nave o problema aí é que canto máis metros se constrúan mais págase entón isto pode estar para o ano que é a ACT e poder facer a segunda fase. A primeira fase é isto, a segunda fase o foso noutra nave, decidir que se pode executar por fases, non entendo porque hai que renunciar a primeira, esta pode ser a primeira a forma é o de menos, aquí vai a haber unha nave, vestiarios e ximnasio que mañá hai que facer un foso, pois un engadido e así sucesivamente agora, a primeira necesidade que se plantexa é banco fixo, vestiarios e ximnasio e isto é o que presentamos, cando teñamos que facer un foso pois facemos a segunda fase, seguimos tendo terreo porque temos a concesión de todo repito, esta é a primeira fase e así o expoñemos nos como unha primeira fase, chámase "Nave-almacen de embarcación" non se chama novo club de remo, a nós pedíronnos unha nave-almacén de embarcacións de banco fixo para que a traíñeira poida desembarcar no porto cousa que os nenos/ as da escola non o poden facer non hai condicións de seguridade, a escola ten seguir saíndo por onde saen pola praia, como van subir polo pantalan, e se mañá queren o foso pois ao lado un engadido e se fai o foso, en consecuencia esas son as necesidades que plantexan, e isto non exclúe facer unha segunda fase cun foso, non o exclúe pero agora non hai cartos para todo o POS son 150000€ e non hai máis, temos tres millóns metidos no auga e imos a asinar o convenio con Augas de Galicia e temos que poñer o 5% de vinte millóns polo tanto isto é o que podemos facer, nave, vestiario e ximnasio 400 metros cadrados, o teu é de 700 metros cadrados, estes son 300 metros cadrados menos que engádense para o ano no POS, os teus 300 metros cadrados estarían para o ano e faríanse as oficinas, o foso e o que queiras pero este ano non podemos facer o de 700 metros cadrados, é imposible porque non temos eses cartos facemos a de 400 metros cadrados e para ou ano meses 300 metros cadrados facemos o foso, as oficinas e ata un aparcadoiro dentro para o que queiran eles, en 400 metros cadrados non entra o foso entra a nave, vestiario e ximnasio e temos 150000€ para o ano facemos outra nave como esta e temos 800 metros cadrados e dous naves simétricas e nos outros 400 metros cadrados irá o foso ou o que queiran pero isto está conceptuado como unha nave onde entran seis, hai sitio para outra nave, ata para a terceira pero hai que ser realistas temos 150000€ tomemos isto como unha primeira fase. Construimos esta como unha primeira fase e cando teñamos os cartos construimos a segunda fase se hai demanda real, cando digan o necesitamos porque efectivamente eles piden unha nave-almacen non un novo club de remo, non queren irse de onde están porque aí teñen que ter a escola para os nenos/as para seguir saíndo pola praia, eles piden que se cubran as







necesidades da traíñeira, da ACT as embarcacións de banco fixo ocupan moito e pesan moitísimo o que necesitan é unha nave, ximnasio e vestiarios pois aí teñen unha nave de 400 metros cadrados que nos parece pouco, pois para o ano facemos outra e iso é o que plantexamos e non imos a renunciar a este proxecto porque xa esta presentado, aprobado e o procedemento está iniciado pero isto non exclúe facer máis pero polo menos para o ano xa teñen isto e para o ano que é cando están na ACT e o necesitan e ao mellor para o seguinte ano pois como dixo Manuel non están na ACT e descenden porque o deporte é así, para o ano temen isto, non vaiamos a esperar dous anos e que non este na ACT e repito, isto non é un novo club de remo é unha nave-almacen, na primeira fase nave, ximnasio e vestiario, na segunda fase embarcacións e foso, e na terceira fase local social con oficinas e sala de reunións pero isto o temos que facer aos poucos porque non xuntamos medio millón de euros para facer todo isto, senón tiveramos as obras do auga si, pero sabedes que temos un problema enorme co auga e xa empezamos a gastar moitos cartos nesas obras senón tiveramos que recuperar os depósitos do auga ao mellor poderíamos facer u que ti dis pero é que aínda non terminamos que faltan os depósitos do Alto de Simou.

Eu non desprezo o que decides pero máis adiante, agora esta xente necesita unha nave en condicións canto antes e a podemos facer porque hai un POS ADICIONAL de 150000€ esa é a realidade, houbo que investir moito en infraestruturas no Numancia, non club de remo de Redes e o Numancia non se fixo nunha fase, e isto tampouco haberá que facelo por fases polo tanto, con estas explicación nos imos a manter o proxecto pero non renunciamos a seguir engadindo infraestruturas que comprendan ese foso, local social, oficinas, salas de reunión que efectivamente agora non teñen.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que o tema do canon nunca se puxo sobre da mesa nin se falou pero máis ao meu favor, se o problema é a subida do canon por facer un proxecto en tres fases agora é máis barato pero a medida que vaia engadindo edificacións o canon vai a aumentar igual.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que non ten a liquidación do canon do auga o que ten é a liquidación da obra, isto supuxo un problema tanto para o club náutico como para os pescadores no seu momento, que se queixaban do canon das naves, son cantidades aproximadas pero sei que o club de remo vai ter problemas co canon, non estou falando por falar, sei que imos a ter problemas co canon e que o imos que pagar nós pola experiencia do club náutico e da confraría.

Continúa a Sra. Brage Otero sinalando que estamos nas mesmas, que o que plantexamos e ter un tempo de aclaración de puntos e de aspectos da construción e deixar que se faga como Deus manda, eu penso que este club merecese un esforzo especial non por nada, por memoria colectiva merecía un pouco de empatía por parte de todos os grupos, se agora se fai a nave que non deixa de ser un alboio sen edificio anexo que imos a andar cada ano curta e pega, hai que aplicar o sentido común con vistas ao futuro eu xa sei que é moi sinxelo facer catro paredes e cubrir esas necesidades que claro que son importantes e urxentes pero non son





urxentes de agora deste ano e que xa hai tempo que se podía ter feito algo, ou polo menos as bases entón, fagamos as cousas con sentido común e con responsabilidade porque ten que quedar para un futuro, as novas xeracións teñen que estar nun sitio onde se sentan seguros, orgullosos e estar agusto e logo se falamos de cartos non doeron os cartos para facer unha cidade deportiva e quero saber eu a quen lle sae ben, quen o necesita ou quen o usa e logo para este club de remo con todo o esforzo que lle supuxo a moita xente sobre todo aos deportistas que se sacrifican, xa sei que o fan de forma voluntaria pero que menos que honrar o seu esforzo arrimar o ombreiro e darlle algo máis cómodo, máis útil e para ou día de mañá.

Remata a Sra. Brage a súa intervención.

Sendo ás 12:32h ausentase o Sr. Mesías Farías.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en relación aos metros dá edificación nos non caemos non canon, o edificio ten 230 metros cadrados na segunda planta se é polo canon hai que facelo doutra forma, pois pódense reducir os metros cadrados na planta de arriba para economizar os gastos do canon.

Eu xa expliquei porque o mellor é facer un proxecto definitivo e non en fases, porque isto que vai aquí non é aprobeitable, aquí non estamos pedindo que se gaste máis senón que se adapten os cartos, eu creo que cos 150000€ chega para gardar as embarcacións e facer uns vestiarios e logo se fai a segunda fase, con 300000€ chega para facer o definitivo, reiterámonos en que hai que facer un proxecto definitivo en dous fases ou en tres, pero que se inverten este ano os 150000€ se as obras contrátanse en tempo e en forma o club podería gardar as embarcacións para a tempada que ven, pero deixar o proxecto definitivo aprobado e despois facelo por fases, como outras obras que se fixeron por fases porque non chegaban os cartos, queremos que se faga un proxecto definitivo e inverter os 150000€. Nós non non temos a capacidade para facer un proxecto definitivo pero o arquitecto saberá se hai que facelo en dous ou en tres fases pero o que queremos é un proxecto definitivo, que se estude ben e entre todos achegar ideas e ter unha reunión co club de remo non para prometerlles que lles imos a facer un club de remo para o ano que ven, senón recoller as necesidades para intentar proxectalas por fases, son 150000€ e aí nós imos a defender a postura do goberno municipal en canto a investimento este ano, reiteramos que quede enriba da mesa que vaia a comisión e que nos reunamos cando haxa dispoñibilidade co arquitecto e con algún directivo do club de remo para resolver isto e sacalo a contratación e esa é a nosa proposta.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non van a renunciar a este proxecto, creemos que é o momento de facelo porque temos os cartos e responde as demandas, unha nave-almacen para embarcacións e ademais non podemos facer outra cousa é dicir, non podemos facer unha primeira fase que logo nos obrigue a facer unha segunda dentro é dicir, iso é condenarnos a non poder usalas, isto é unha primeira fase pechada e unha vez rematada xa teñen todo a súa disposición, que logo hai que facer outra fase pois se fai outra nave e punto e poden seguir





facendo o seu, non podemos facer a metade, non poderlles entregar nada porque séguese obrando por dentro é dicir, isto é unha primeira fase completa e pechada e a súa disposición para o ano, o foso pois outra nave para o ano e xa son 800 metros cadrados, máis do que presentas ti pero que nos condenan a non poder entregar a obra ata que este todo terminado. O proxecto é razoable e agora mesmo están nun ximnasio sen ventás entón é mellor isto que non a situación que teñen e en consecuencia, isto se constrúe e se lles entrega e xa o teñen a súa disposición e esta é a razón pola que crémos que non debemos seguir esperando, todos os que estamos aquí tivemos responsabilidades de goberno, o BNG tivo o se Alcalde se tanta preocupación tiña que fixera un club de remo e ti gobernaches oito anos e se tanta preocupación tiñas fixeras un club de remo e nolo aforrabamos nós pero claro, é moi bonito falar agora e cando tiveches responsabilidades de goberno non o fixechedes, porque fixechedes outras cousas igual que nos que tamén temos outras cousas.

Imos a facerlles unha nave digna para a ACT e para isto esta nave resolve moito e sen renunciar nunca a segunda fase para facer o foso, pero para o ano cando sexa a ACT isto estará listo e vai a estar a súa disposición, agradezo moito que vexades tanta necesidade no club de remo porque nos tamén o vemos, o foso é necesario pero irá na segunda fase.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta do BNG e PP, que quede enriba da mesa.

Sometida a votación a proposta do B.N.G e do PP de que quede enriba da mesa a “**Aprobación da 2ª Fase do POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial - Proxecto básico de nave almacén de embarcacións**” o Pleno do Concello por 4 votos a favor (3 do PP e 1 do BNG), 7 en contra (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 1 abstención (1 do BNG-1 Ausencia Art. 100.1 R.D. 2568/1986), acorda rexeitar a proposta.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a “**Aprobación da 2ª Fase do POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial - Proxecto básico de nave almacén de embarcacións**” o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdG-PSOE, 1 de NAL) 3 votos en contra (3 do PP) e 2 abstención (1 do BNG-1 Ausencia, Art. 100.1 R.D. 2568/1986), acorda prestar a súa aprobación.

#### **Punto núm. 4.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

#### **Punto núm. 5.- Mocións-Propostas.**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista “**Revisar a resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se levanta a prohibición vixente sobre a práctica recreativa nos portos galegos**” de data 16 de setembro que a continuación se transcribe;





O **Grupo Municipal Socialista**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 6/2017 de portos de Galicia incluía, entre outros aspectos, a prohibición da práctica de pesca recreativa nos portos galegos de titularidade autonómica. Esta cuestión, como outras moitas de dita lei, foron obxecto de debate no Parlamento de Galicia, onde o Goberno de Galicia fixo ouvidos xordos ás reivindicacións que o Grupo Socialista formulou para mellorar a normativa. Lonxe de tentar chegar a acordos, a Lei 6/2017 saíu adiante co voto favorable do Grupo Popular.

Non en tanto, na cuestión relativa á pesca recreativa nos portos galegos, a normativa non se estaba a cumprir dende entón, probablemente froito da conciencia por parte do Goberno de Galicia de que era unha normativa errónea. Máis, en todo caso, ao non atenderás propostas feitas no Parlamento de Galicia e aprobar igualmente o texto, a realidade era que o propio Goberno de Galicia estaba incumprindo unha lei propia que non quixo modificar. Por tanto, esta situación absurda necesitaba dunha modificación.

No ano 2021 o propio Grupo Popular, asumindo o seu erro anterior, tentou de modificar esta mesma normativa e, nun debate parlamentario producido na comisión 8ª do propio Parlamento, acordouse de maneira unánime tras emenda do Grupo Socialista, que as modificación faríanse para permitir compatibilizar os usos portuarios e recreativos, así como en consenso con todos os axentes implicados.

O 6 de agosto do DOG publicou unha resolución do 26 de xullo no que se contemplaba o levantamento da prohibición vixente, e indicábanse certas normas e criterios a seguir, así como unha limitación de zonas autorizadas e non autorizadas.

Esta limitación, a pesares das indicacións dalgúns colectivos de pescadores recreativos, inclúe prohibición en moitos espazos que son de uso habitual e que, de maneira cotiá, véñense usando durante tempo sen provocar problema ningún e en convivencia normalizada cos usos portuarios. No caso de Ares, o muelle de Redes está situado entre os 15 nos que se prohíbe realizar esta actividade por "razóns de seguridade ou operatividade portuaria", e o porto de Ares entre os 79 nos que se permite baixo limitacións por zonas ou horarios, quedando esta práctica suxeita a unhas condicións moi restritivas e que nada teñen que ver cos usos habituais que ata agora se viñan dando sen ocasionar interferencia algunha cos demais usos.

Atendendo á necesidade de comprender que o uso prioritario dos portos de Galicia está na actividade marítimo - pesqueiro, pero que a compatibilización é posible, e ao





consenso ca sector requirido polo Parlamento de Galicia, parece necesario reconfigurar as limitacións existentes no que corresponde ás zonas.

Así mesmo algunha restrición que inclúe a normativa, como o número de menores de idade que poden estar a cargo dun adulto e os espazos de distancia entre pescadores que permitan unha distribución racional e facilitadora para todas as persoas, poden ser tamén mellorables para acadar unha norma que alcance o maior consenso e facilite a convivencia de todas as actividades.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

Instar a Xunta de Galicia a revisar a resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se levanta a prohibición vixente sobre a práctica recreativa nos portos galegos, coa intención de dar resposta ao acordo por consenso dos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia, centrándose fundamentalmente en:

1. Flexibilizar as zonas permitidas para a práctica da pesca recreativa, tratando de obter unha solución que maximice as posibilidades dentro da compatibilidade de usos para todas as actividades.
2. Ampliar o número de menores a cargo que un adulto pode ter durante a práctica de pesca recreativa nos portos de Galicia.

Ares, 16 de setembro de 2021

Asdo. Alma Beatriz Barron Ferro

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a moción é presentada polo PSOE pero estamos dispostos a retirala que sexa unha declaración constitucional. O de Portos é un porto seguro pero como se usa hai roubos claro que si, e entraron fai pouco en oito embarcacións e para os mariñeiros hai situacións prexudiciais pero coa xente pescando aí hai máis seguridade porque están ata as tres ou catro da mañá pescando pois ben, agora prohiben a pesca recreativa co que efectivamente como din os mariñeiros non vai a haber xente pescando e vai haber máis roubos, non sei porque urxe esta prohibición de pesca nun espazo seguro onde nunca houbo problemas nin contraindicacións entón ben, hai unha serie de sinaturas que presentaron os veciños/as e presentamos unha moción que recolle o texto deses veciños/as para aprobala pero si vos parece oportuno a aprobamos como declaración institucional e así a facemos chegar a Portos, de que por favor reconsidere unha prohibición que lles aforra cartos en seguridade porque si efectivamente van a prohibir a pesca que poñan un policía pola noite.

O Sr. Alcalde abre unha quenda de intervencións para fixar posicións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que dende o BNG foise vendo os bandazos que se foron dando con esta proposición non de lei, o fondo e a esencia da moción a secundamos





pero consideramos que se debería de chegar a unha especie de acordo entre Portos e todas as federacións para chegar a unha norma que non faga excepcións, debería chegar a un acordo.

Sendo ás 12:44h incorporase ao pleno o Sr. Mesías Farías.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que é unha norma autonómica e terá que chegar ao Parlamento de Galicia ese acordo isto é unha protesta que é o que podemos facer, a protesta ven nestes termos que é a que recolle a protesta dos veciños/as polo tanto, hai que manifestarse sobre ese tema.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que a proposta que fan e de engadir un segundo punto como xa se recolleu no Parlamento é que hai que estudar unha fórmula para que o seguro obrigatorio que se esixe non exclúa a ninguén, nin por idade, nin por condicións económicas, penso que sería un punto a engadir.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP

Intervén o Sr. José Manuel Cendón Fernández dicindo que coinciden ca moción pero isto xa está feito, queríamos facer unhas puntualizacións o que se trataba era de chegar a un acordo por unanimidade no Parlamento de Galicia, e non é soamente polas desfeitas isto ven decretado dende o ano setenta e seis a prohibición da pesca foise transixindo pero o problema non é os roubos senón tamén os accidentes, este ano xa houbo cinco mortos nos Portos de Galicia. Este decreto foi aprobado en xullo despois de escoitar as federacións de pescadores quedan uns flecos aí que é o tema dos nenos e do seguro pero practicamente o que hoxe ven ao pleno xa está aprobado e decidido, hai que dinamizar o porto e a pesca aí coincidimos todos, isto xa foi debatido no Parlamento de Galicia e foi aprobado por unanimidade.

Sometida a votación a presentación da proposta como declaración institucional o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (6 do PSdG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Sometida a votación a aprobación da **Declaración Institucional “Revisar a resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se levanta a prohibición vixente sobre a práctica recreativa nos portos galegos”**, o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG) acorda prestar a súa aprobación

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra moción pola vía de urxencia.

Non hai

#### **Punto núm. 6.- Rogos e Preguntas**

Intervén o Sr. Alcalde respondendo as preguntas realizadas no pleno anterior.





A primeira pregunta é sobre o despedimento dunha socorrista pois ben, a socorrista só quería prestar o servizo en Ares, non quería rotar nin a Chanteiro nin a Seselle, e tampouco se presentou no seu posto, si que é certo que antes preguntou como se facía e se lle contestou que se rotaba por todas as praias e creo que esta é a razón pola que xa non se incorporou, eu creo que non lle interesaba o traballo, ela preguntou si só se podía traballar en Ares e lle contestou que non, que había que rotar o día que tiña que empezar non se presentou chamouna varias veces o responsable pero non contestou.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que en canto as resolución de pago de facturas pediríamos que se poñan os conceptos porque se poñen as cantidades pero non os conceptos.

En canto a Resolución da Alcaldía 440/21 aprobación de facturas non se fai constar os conceptos, hai unha factura que está a nome de Alejandro García Cipriano-Hotel Playareta e o importe é de 415,80€ pero non se sabe de que é, sabemos que é de Asturias.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que é da ruta de sendeirismo.

Continúa a Sra. Brage Otero preguntando como está o tema da parcela do Raso que supostamente estaba rexistrada a nome dun señor e o concello a tiña expropiada.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que esa parcela foi expropiada e se lle abonou o importe da expropiación ao titular da parcela que se facía constar naquel momento e dez anos máis tarde hai un señor que di que é da súa propiedade e en todo caso si él é o propietario alguén cobrou os cartos e iso sería un problema entre eles, no seu momento nos fixemos unha expropiación, pagouse é agora é do concello. Nós non discutimos que poida ser del, pero no proxecto de expropiación PROYFE puxo outro titular, e ese titular cobrou non dixo que non era del e saíu a información pública e despois de dez anos di que ten unha escrituras que acreditan a titularidade. O máis sensato e traer as escrituras, acreditar a titularidade e solicitar.

Sendo as 13:02 a Sra. Barrón Ferro retirase do pleno.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando en que va a consistir o proxecto da obra do Alfoli.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a obra consiste na renovación dos servizos de auga e saneamento de toda a rúa, sacar o saneamento vello porque hai casas que poden estar conectado ao emisario e renovación do firme.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando en que va a consistir a obra da Reitoral.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que xa se fixo a obra da envolvente, e agora vaise a facer o interior, baños, zona ampla para reunións e exposicións, unha sala multiusos.





Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a beirarrúa de Pedros leva varios meses con deposicións de cabalo, por favor que vaia o persoal de servizo a limpalo

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

